



### CONCELLOS

#### BECERREÁ

##### Anuncio

Expediente nº: 184/2023

**ASUNTO: PROCESO ORDINARIO DE SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DE BECERREÁ, INCLÚIDO NO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO, POR OPOSICIÓN LIBRE (OEP 2023).**

Con data 13 de setembro de 2023, dictouse Decreto da Alcaldía núm: 2023-0590, do seguinte teor literal:

DECRETO.-

Visto o disposto nas bases para a selección de persoal funcionario aprobadas por Resolución da Alcaldía nº 120-2023 de data 10/02/2023, publicadas no BOP de Lugo núm. 39 de 16 de febreiro de 2023 e convocatoria publicada no DOGA nº 50 de 13 de marzo e no BOE número 67 de 20 de marzo de 2023.

Vista a Resolución desta Alcaldía pola que se aproba a lista provisional de admitidos y excluídos publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e no BOP de Lugo nº 166, 20 de xullo de 2023, sen que se teñan presentado alegacións.

Visto o establecido nos artigos 134 do Real Decreto Legislativo 781/1986 de 18 de abril, os artigos 11 e 15 do Decreto 95/1991, de 10 de marzo e nos mesmos termos, os artigos 18 e 23 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

No exercicio das competencias que me confire a vixente lexislación sobre réxime local, en particular o 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local:

**PRIMEIRO:** Prestar aprobación á lista definitiva de admitidos e excluídos no proceso selectivo para a selección de persoal funcionario para cubrir en propiedade unha praza de auxiliar administrativo.

Admitidos/as:

Apellidos e nome	D.N.I.	Exame de galego
SANDRA GÓMEZ DEVESA	***8902**	exent@
ANABEL SOUTO GÓMEZ	***1095**	exent@
MARÍA TERESA BERMUDEZ FERNÁNDEZ	***7546**	exent@
LAURA MARÍA VARELA GARCÍA	***6833**	exent@
BIBIANA PEREIRA BELÓN	***7612**	exent@
NURIA REGUEIRA FERNÁNDEZ	***7747**	exent@
ANDREA SARCEDA CASTRO	***9154**	exent@
JESÚS FERANANDEZ DE ARRIBA	***7393**	exent@
FRANCISCO JAVIER MOURÍN LÓPEZ	***7208**	exent@
LIDIA TORRE MAHIA	***5634**	exent@
LAURA VILA RIVAS	***5634**	exent@

SUSANA GONZÁLEZ SANJURJO	***7398**	exent@
ISABEL PINILLA NOGUEIRA	***8023**	exent@
ROSA MARÍA FERNÁNDEZ GÓMEZ	****2470*	exent@
PATRICIA GÓMEZ POY	***4486**	exent@
ELOY SOBRIDO GARCÍA	***8557**	exent@
LUCIA ARIAS MAGIDE	***5865**	exent@
TAMARA FERNÁNDEZ GUTIERREZ	***5189**	exent@
MARÍA JOSÉ DEL RÍO CARRETE	***0496**	exent@
LAURA ALONSO LÓPEZ	***5644**	exent@
MARÍA FERNÁNDEZ ALONSO	***0535**	exent@
MANUEL PASARO GÓMEZ	***4447**	exent@
SANDRA LÓPEZ GÓMEZ	***4771**	exent@
MODESTO GONZÁLEZ FREIRE	***2149**	exent@
OSCAR GARCÍA LÓPEZ	***3797**	exent@
EVA ARIAS PÉREZ	***7951**	exent@
CARMEN REIMONDEZ LÓPEZ	***5449**	exent@
HUGO SANTIN CASTRO	***8211**	exent@
JUAN JOSÉ CASTEDO REY	***5652**	exent@
MIGUEL RODRIGUEZ CABAÑAS	***3652**	exent@
AINARA DÍAZ ÁLVAREZ	***5447**	exent@
TAMARA VÁZQUEZ MONTES	***7617**	exent@
MARÍA INMACULADA GARCÍA VEIGA	***4493**	Non exent@
IAGO TORRES LOSADA	***6958**	exent@

Excluídos/as:

Apelidos e nome	D.N.I.	Causa
RAQUEL BALBAS AGUILAR	***9698**	-Non aporta xustificante de ter aboados os dereitos de exame.
OLIMAR GIRALDO MARTINEZ	***5652**	-Non aporta xustificante de ter aboados os dereitos de exame.

Contra a resolución contida no presente resolvo, poderase potestativamente interpoñer recurso de reposición, no prazo de un mes, ante o órgano que dictou o acto, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados a partires do día seguinte ó da publicación do edicto no BOP.

**SEGUNDO.-** O Tribunal cualificador previsto nas bases de selección de persoal funcionario para cubrir en propiedade unha praza de auxiliar administrativo do Concello de Becerreá, estará composto por:

PRESIDENTE

Titular: Don Marco Antonio García-Gabilán Sangil. Secretario-Interventor do Concello de O Corgo.

Suplente: Don Julio González Casanova, Secretario-Interventor do Concello de Friol.

**SECRETARIO**

Titular: Dona Ana María Rivas García, Secretaria-Interventora do Concello de Becerreá.

Suplente: Dona Mónica Vázquez Fandiño, Secretaria-Interventora do Concello de Monterroso.

**1º VOCAL**

Titular: Don Severiano Daniel Vázquez Prado, Técnico de Administración Xeral do Concello de Becerreá.

Suplente: Dona Sandra Díaz Álvarez, Interventora do Concello de Vilalba.

**2º VOCAL**

Titular: Dona Mónica Gimenez López, letrada asesora do Servizo de Cooperación e Asistencia aos Concellos da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Dona Pilar Pérez López, Administrativa do Concello de Becerreá.

**3 VOCAL**

Titular: Dona Belén López López Secretaria-Interventora do Concello de A Pastoriza.

Suplente: Dona Elisa Muñoz Álvarez, Secretaria-Interventora do Concello de Baralla.

Igualmente cónvocase ao Tribunal para a súa constitución o vindeiro día 04 de outubro ás 10:00 horas.

A Resolución contida neste resolvo que é de trámite dentro do proceso selectivo, faise pública en cumprimento do disposto nas bases da convocatoria, non procedendo contra a mesma recurso algún sen prexuízo do establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de Réximen xurídico del Sector Público sobre abstención e recusación. Non obstante os/as interesados/as poderán presenta-las alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ó procedemento, conforme ó disposto no artigo 112 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

SEGUNDO: Convocar en único chamamento ós/ás aspirantes admitidos/as para que comparezcan o vindeiro día 18 de outubro de 2011 as 12:00 horas aos efectos de realización do primeiro exame que terá lugar no edificio da Biblioteca-Telecentro sita en Rúa Valgamarín nº 5 de Becerreá.

Ordénao e asínao electrónicamente o Sr Alcalde.

Pola secretaría tómase razón para a súa transcripción no Libro de Resolucións, aos sos efectos de garantir a súa integridade e autenticidade.

Becerreá, 14 de setembro de 2023.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2923

**CASTROVERDE***Anuncio*

Que por resolución de alcaldía de data día 12 de setembro de 2023, ditouse a seguinte resolución, aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de agosto de 2023, e exponse ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 13 de setembro de 2023, O Alcalde, Xosé María Arias Fernández

R. 2924

**GUNTÍN***Anuncio***CONVOCATORIA DE EMPREGO TRABALLADOR/A SOCIAL .**

**O Concello de Guntín por Resolución de Alcaldía de 15.09.2023 aprobou convocatoria e as BASES DA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE 1 PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL A XORNADA COMPLETA E DE DURACIÓN MÁXIMA DE 6 MESES COMO PERSOAL TEMPORAL AO ABEIRO DAS SUBVENCIÓNS DA XUNTA DE GALICIA PARA TRANSFERENCIAS FINALISTAS PARA O COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL REGULADA NO**

**DECRETO 99/2012, DO 16 DE MARZO E A CREACIÓN DE UNHA BOLSA DE RESERVA DE VALIDEZ 2 ANOS PARA CUBRIR AS NECESIDADES DE SERVIZO QUE XURDAN.**

- Modalidade contratación: A modalidade do contrato será laboral temporal e a súa duración será como máximo de 6 meses na modalidade de circunstancias da produción ao amparo do Real Decreto-lei 32/2021.
- Xornada: completa.
- Prazo presentación solicitudes: 5 días hábiles a partir da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo.
- Salario: retribución bruta mensual de 1.533,00 € incluíndo o rateo das pagas extras.
- Funcións: as que se especifican nas Bases antes citadas.

As bases atópanse dispoñibles en:

- paxina web: : [www.guntin.es](http://www.guntin.es)
- oficinas xerais e taboleiro de anuncios do Concello de Guntín

Guntín, 15 de setembro de 2023.- A Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 2930

**PANTÓN**

*Anuncio*

Por resolución de alcaldía número 2023-0236 de data 14 de setembro de 2023 unha vez concluído o procedemento selectivo, efectuouse o nomeamento de:

IDENTIDADE	DNI
MODESTO GONZÁLEZ FREIRE	76****92-M
ANTONIO NOVOA GONZALEZ	34****47-T
IAGO TORRES LOSADA	53****85-W

Características das prazas:

GRUPO	C
SUBGRUPO	C2
ESCALA	ADMINISTRACION XERAL
DENOMINACION	AUXILIAR ADMINISTRATIVO
N.º DE VACANTES	3

O que se fai público aos efectos do artigo 62 do texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, e o artigo 25 do Regulamento Xeral de Ingreso de persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de postos de traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís do Estado aprobado por Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

Pantón, 15 de setembro de 2023.- Alcalde-Presidente, Jose Luis Álvarez Blanco.

R. 2932

**QUIROGA**

*Anuncio*

Na Xunta de Goberno Local celebrada o día 14 de setembro de 2023 aprobáronse as Bases da Convocatoria de axudas a estudantes do Concello de Quiroga para o curso 2023/2024. O prazo de presentación de solicitudes

será de 20 DIAS HÁBILES contados a partir do seguinte ao da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

## **BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS A ESTUDANTES DO CONCELLO DE QUIROGAPARA O CURSO 2023/2024**

### **Primeira. Obxecto da convocatoria.**

Constitúe o obxecto das presentes bases regular un réxime de axudas a os/as estudantes que, residindo en Quiroga, cursarán os seus estudos universitarios, formación profesional, masters e educación especial fóra do termo municipal durante o curso 2023/2024.

Considéranse gastos subvencionables os seguintes:

- Adquisición de libros de texto.
- Matrícula de inscrición.
- Gastos de transporte.
- Gastos de vivenda.

Non se subvencionarán os seguintes gastos:

- Gastos de investimento, é dicir, materiais / bens inventariables, que son aqueles que teñen unha vida útil superior ao ano, que pode ser reembolsable e non consumido na súa totalidade dentro da actividade subvencionada, e tamén cando o seu valor unitario supere os 100,00 euros (IVE incluído) e cando se compren por paquetes e o seu custo supere os 300,00 euros (IVE incluído).
- Impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- Gastos bancarios.

### **Segunda. Destinatarios/as e requisitos.**

Para ser beneficiario destas axudas é preciso cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estar empadroadado no concello de Quiroga e ser dependente economicamente. Consideraranse dependentes economicamente os menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita a axuda sempre que non teñan un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano 2022.
- b) Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario, recollidas nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

### **Terceira. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN.**

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 DÍAS HÁBILES contados a partir do seguinte ao da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Este prazo poderá ser prorrogado por resolución da Xunta de Goberno Local.

As persoas interesadas presentarán as súas solicitudes obrigatoriamente

- Na Sede Electrónica do Concello de Quiroga ou por correo electrónico [concello.quiroga@eidolocal.es](mailto:concello.quiroga@eidolocal.es)

### **Cuarta. documentación necesaria para a tramitación do procedemento.**

As solicitudes, que irán dirixidas ao Alcalde do Concello de Quiroga, formalizaranse no impreso normalizado que se inclúe como Anexo I e poderá así mesmo obterse a través da Sede Electrónica do Concello de Quiroga, e debe incluír polo menos a seguinte documentación:

- Fotocopia D.N.I. da persoa que solicita a concesión ou o representante legal, sobre os máis pequenos.
- Certificado da matrícula expedido polo centro educativo ou resgardo de ter pagada a matrícula, selado pola entidade bancaria para o alumnado de F.P., universitarios, ensinanzas artísticas superiores e alumnado con necesidades educativas especiais que cursen fóra do Concello de Quiroga.

### **Quinta: documentación para a xustificación**

- Documento que xustifique o pago de libros de texto e adquisición de material, en facturas a nome do solicitante ou do representante legal ou titor. Deberá indicarse se están pagadas.
- Documentación xustificativa de gastos de transporte. Facturas ó nome da persoa solicitante.
- Se é o caso, fotocopia do contrato de arrendamento ou documento que acredite os datos do domicilio no que imos residir durante o curso que deberá indicar os datos da vivenda, as datas do contrato, o importe para abonar, os datos do arrendador (nome e NIF) e do resto de arrendatarios, se os hai.

- Número de conta bancaria certificado. No caso dos menores de idade, é posible presentar o número de conta do representante legal ou titor.
- Declaración responsable de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e da seguridade social, de non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas e de estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións.
- Autorización ao concello de Quiroga para que realice as comprobacións oportunas durante todo o período que dure o proceso, segundo Anexo II.

**Documentación complementaria:**

- Certificado que acredite o grao de minusvalía e/ou incapacidade nun grao igual ou superior ao 33% do solicitante, se procede.

No caso de presentar solicitudes para varios irmáns, non é necesario duplicar documentación.

**Sexta. procedemento para a concesión da subvención:**

A concesión practicarase previa baremación das solicitudes atendendo estritamente aos documentos xustificativos presentados e ata esgotar o crédito desta convocatoria.

Incoación do expediente. O procedemento iníciase previa solicitude do/a interesado/a e impulsárase de oficio en todos os seus trámites. A presentación da solicitude de subvención supón a plena aceptación destas bases.

Órgano competente para a instrución. O órgano competente para a instrución dos expedientes serán o alcalde ou concelleiro/a en quen delegue, a concelleira de Educación e o secretario municipal, que verificarán que a instancia presentada se atope correctamente cumprimentada e asinada, e acompañada da documentación que resulte preceptiva de acordo co disposto no apartado catro e cinco das presentes bases reguladoras.

Corrección de defectos na solicitude. Se a solicitude non reúne os requisitos que lle foran esixibles, especialmente se non vén acompañada dalgún dos documentos previstos nos apartados catro e cinco o órgano instrutor requirirá ao/ a interesada/o para que emende os defectos ou complete a solicitude no prazo máximo e improrrogable de dez días hábiles dende a notificación (art. 68.1 LPACAP), advertíndolle que, de non facelo así, teráselle por desistida a súa solicitude.

Informes, avaliación de solicitudes e outras actuacións. Non habendo defectos emendables ou, de habelos, se tiveran corrixido en tempo e forma, continuarase coa instrución do expediente. O órgano instrutor realizará de oficio todas cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e aprobación dos datos que sirvan de base á resolución de acordo ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RD 887/2006 de 21 de xullo) e nas presentes bases reguladoras. En particular, poderá solicitar cantos informes foran necesarios para fundamentar a resolución ou foran esixibles pola normativa vixente, que en todo caso terán carácter facultativo e non vinculante e deberán ser remitidos nun prazo non superior a dez días, así como poderá avaliar as solicitudes conforme aos criterios contidos nas presentes bases reguladoras.

Proposta para resolución. A proposta de resolución deberá expresar a persoa solicitante ou a relación de solicitantes para as que se propón a concesión da subvención e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectualala.

O expediente de concesión conterá un informe do órgano instrutor no que conste que da información que obra no seu poder, despréndese que o/a beneficiario/a cumpre con todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas.

Notificación da proposta. O órgano de instrución notificará a proposta de resolución aos/as interesados/as que foran excluídos como beneficiarios/as na fase de instrución, mediante notificación por correo electrónico, aos efectos de presentar alegacións ou emendar oportunas no prazo máximo de quince días, transcorridos os cales, o concello de Quiroga entenderá que o/a solicitante renuncia á axuda.

Resolución O órgano para a resolución definitiva do expediente será a Xunta de Goberno Local.

A resolución do procedemento notificarase aos/ás interesados/as de acordo co previsto no artigo 41 da LPACAP, a cuxos efectos bastará practicar a notificación no domicilio ou correo electrónico que a persoa interesada tivera sinalado ao efecto no momento de cursar a súa solicitude. En todo caso, a resolución será publicada no taboleiro de edictos do Concello de Quiroga.

**Sétima. Contía das bolsas**

O concello de Quiroga aboará as bolsas aos beneficiarios que reúnan todos os requisitos previstos na base segunda e presenten a súa solicitude dentro do prazo establecido na convocatoria xunto coa documentación requirida na base cuarta e quinta.

Os importes distribuiranse de forma proporcional ás solicitudes formuladas, tendo en conta o gasto realizado ou o previsible, tanto no que afecta aos gastos de matrícula, inscrición e material escolar, gastos de vivenda como aos gastos de transporte.

**Oitava. Importe máximo e crédito orzamentario**

O importe total para axudas reguladas nestas bases non poderá superar o importe consignado nas correspondentes aplicacións do Orzamento Xeral da Corporación para o ano 2023:

Aplicación Orzamentaria	Concepto	Importe
2023.320.480	Subvencións en materia educativa	7.000,00 €

Dado o carácter finalista das axudas desta convocatoria, en ningún caso o importe da axuda concedida polo concello poderá ser superior ao gasto realizado polo/a beneficiario/a. En consecuencia, de ser necesario, realizarase o oportuno axuste na cantidade da axuda concedida en cada caso. Se se detectasen facturas falsas ou fraude na declaración dos datos facilitados se perderá o dereito a obter as axudas nos cinco anos seguintes.

Levarase a cabo a tramitación anticipada de gasto, ao abeiro do establecido no artigo 56 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo). De acordo co mesmo, a concesión das axudas queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución da concesión.

**Novena.- compatibilidade**

A percepción destas axudas será compatible coa percepción doutras coa mesma finalidade que se poidan percibir doutras administracións.

**Décima.- xustificación**

A documentación xustificativa presentarase coa solicitude e con carácter previo ao pagamento.

1) Xustificantes esixidos para as axudas de ensino:

Documentación
<ul style="list-style-type: none"> <li>Facturas orixinais ou copias cotexadas que acrediten o gasto realizado en libros.</li> <li>Certificado da matrícula expedido polo centro educativo ou resguardo de ter pagada a matrícula, selado pola entidade bancaria para o alumnado de F.P., universitarios, ensinanzas artísticas superiores e alumnado con necesidades educativas especiais que cursen fora do Concello de Quiroga</li> </ul>

2) Xustificantes esixidos para as axudas de transporte:

Documentación
Facturas de combustible ó nome do solicitante (non serán válidos resgardos de combustible nos que non figure o nome do solicitante)
Factura da empresa de transporte ó nome do solicitante (non serán válidos tickets de autobús)

3) Xustificantes esixidos para as axudas por aloxamento:

Documentación
Se é o caso, fotocopia do contrato de arrendamento ou documento que acredite os datos do domicilio no que imos residir durante o curso que deberá indicar os datos da vivenda, as datas do contrato, o importe para abonar, os datos do arrendador (nome e NIF) e do resto de arrendatarios, se os hai.

**Undécima.- verificación e revocación**

Ao marxe do disposto no apartado anterior, unha vez concluído o proceso de adxudicación das axudas, o Concello de Quiroga poderá requirir aos/as beneficiarios/as a presentación dos documentos que considere oportunos para acreditar a efectiva realización da actividade para a que lle foi concedida a subvención.

A aceptación das presentes bases implicará tamén a autorización ao Concello de Quiroga para recadar de calquera organismo, entidade ou institución, e calquera que fora a súa natureza- pública, concertada ou privada- os datos necesarios para determinar a concesión ou denegación da axuda e, no caso de que lle fora concedida, para determinar se o seu importe foi integramente empregado para a finalidade para que lle foi concedida.

Igualmente, implicará a aceptación de ser notificados/as pola vía telemática, conforme ao disposto no artigo 27.2 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos.

O incumprimento das obrigacións contraídas polo/a beneficiario/a en virtude do disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, nas presentes bases reguladoras e nas Bases de execución do orzamento do Concello de Quiroga e, particularmente, o incumprimento no disposto no apartado 12 ("Obrigacións dos/as beneficiarios/as) ou o falseamento ou ocultación dos datos que tiveran dado lugar á concesión da subvención, poderá dar lugar á revogación da resolución estimatoria da mesma e ao reintegro do importe total ou parcial da subvención inicialmente concedida, previa resolución ditada ao efecto polo órgano competente para a súa concesión, que deberá estar debidamente motivada e notificada ao/á interesado/a.

**Duodécima.- obrigas do/a beneficiario/a**

Os/as solicitantes da subvención estarán obrigados ao cumprimento das obrigacións que lle foran impostas en virtude do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de subvencións, nas presentes bases reguladoras e nas Bases de execución do orzamento que o Concello de Quiroga tivera aprobado ao efecto. En particular, o seguinte:

12.1. Presentar os impresos, declaracións, documentos e xustificacións que se indican nas presentes bases reguladoras e, en particular, no seu apartado catro e cinco consignando fielmente os datos que lle foran solicitados.

12.2. Facilitar toda a información, declaracións, documentos e xustificantes que en cumprimento do disposto nas presentes bases reguladoras lle sexan esixidos polo Concello de Quiroga, e someterse ás actuacións de comprobación que con relación ás subvencións concedidas se practiquen por parte da Intervención do Concello.

12.3. Executar a actividade para que lle foi concedida a subvención.

12.4. No caso de revogación da axuda, o/a interesado/a deberá reintegrar o importe íntegro da mesma, sen prexuízo das responsabilidades a que houbera lugar.

**Disposición derradeira**

As presentes bases, aprobadas pola Xunta de Goberno Local con data 14 de setembro de 2023, entrarán en vigor ao día seguinte da data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Quiroga, 15 de setembro de 2023.- O alcalde, José Luis Rivera Castro.





**ANEXO II****DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D./D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_,  
 con NIF/pasaporte \_\_\_\_\_, alumno solicitante de 18 a 25 anos, ou pai, nai, titor/a do/a,  
 dos/das alumno/a,alumnos/as:


**DECLARA:**

- 1) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- 2) Non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas recollidas nos artigos 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- 3) Estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións.

**AUTORIZA:**

Ao concello de Quiroga para que realice as comprobacións oportunas en relación cós apartados anteriores, durante todo o período que dure o proceso de concesión e pago das axudas para o curso 2021/2022.

Quiroga, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023

Asdo.-\_\_\_\_\_

R. 2931

**O VALADOURO***Anuncio***APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE XULLO DE 2023**

Aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o día 31 agosto de 2023, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia, correspondente ao mes de xullo de 2023 polo importe total de 6.930,07€.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro, 12 de setembro de 2023.- A Concelleira da Área de Servizos Sociais, Benestar, Igualdade, Muller e Xuventude. Dinamización e Participación Cidadá. Formación, Emprego e Vivenda (RA 368/2023), María Xosé Barreira.

R. 2925

## VILALBA

### Anuncio

#### Expediente n.º 366/2023

**Asunto: Provisión en propiedade pola quenda de acceso libre (oposición) dunha praza de Administrativo/a de Administración xeral, vacante no cadro de persoal do Concello de Vilalba. Lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e nomeamento de Tribunal cualificador.**

Procédese á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do Decreto de Alcaldía n.º 2023-0665, do 7 de setembro, en relación co asunto referenciado:

#### ANTECEDENTES

**PRIMEIRO.-** Incoación de expediente administrativo n.º 366/2023 para a provisión en propiedade pola quenda de acceso libre (oposición) dunha praza de Administrativo/a de Administración xeral, vacante no cadro de persoal do Concello de Vilalba, en desenvolvemento da Oferta de Emprego Público do ano 2022, aprobada por Resolución de Alcaldía número 2022-0390, con corrección de erros mediante Resolución 2022-0325 e publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, n.º 122, do luns, 30 de maio de 2022 (corrección de erros no Boletín número 142 do mércores, 22 de xuño de 2022), así como anuncio no Diario Oficial de Galicia número 164, do martes, 30 de agosto de 2022.

**SEGUNDO.-** Mediante acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión ordinaria celebrada en data 6 de febreiro de 2023, acordábase aprobar as bases que rexerán a convocatoria de probas selectivas para a provisión dunha praza de Administrativo, como funcionario de carreira, por sistema de oposición, quenda libre, encadrada na escala de Administración Xeral, subescala Administrativa, Grupo C, Subgrupo C1, publicadas no BOP de Lugo Núm. 042 – luns, 20 de febreiro de 2023 (Páx. 37), así como o anuncio da convocatoria publicada no DOGA Núm. 52 Mércores, 15 de marzo de 2023 (Páx. 18087), e no BOE Núm. 68 Martes 21 de marzo de 2023 Sec. II.B. (Páx. 42288).

**TERCEIRO.-** Mediante Decreto de Alcaldía 2023-0430, do 28 de xuño, resolvíase aprobar a lista provisional das persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo de referencia, abrindo, de conformidade co disposto na Base 3ª, prazo de 10 días hábiles para reclamar ou emendar o defecto que motivou a exclusión ou omisión.

**CUARTO.-** De acordo coa información que consta nos nosos sistemas informáticos, o día 30 de xuño de 2023 foi publicado no taboleiro de anuncios o seguinte documento:

DECRETOS 2023-0430. Lista provisional das persoas aspirantes admitidas e excluídas en relación co proceso selectivo de Administrativo/a de Administración xeral, vacante no cadro de persoal do Concello de Vilalba.

CSV: 3QKD9XKCJCW9QAJEG4FD7QY9Z

Pegada dixital MD5: 96ca4a033ff13eec125ff05ae5e4c1af

Pegada dixital SHA1: 1d348592122ff36ad746fa653323478fb3f994d5

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**PRIMEIRO.-** A Base 3ª do proceso obxecto da presente resolución sinala que rematado o prazo de presentación de instancias a Alcaldía ditará resolución na que se aprobe a lista provisional das persoas admitidas e, se é o caso, excluídas, dita resolución **publicarase na Sede Electrónica da Corporación, así como no Taboleiro de anuncios do Concello**. En caso de que existan exclusións, a Corporación indicará a causa de exclusión e concedendo un prazo de 10 días (dez) hábiles para que se poidan formular reclamacións ou emendar os defectos que motiven a exclusión.

Contra a resolución que aprobe a lista definitiva, as persoas interesadas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma na Sede Electrónica ou no taboleiro de anuncios do Concello.

Por outra banda, os interesados tamén poderán formular un recurso contencioso administrativo diante do Xulgado Contencioso Administrativo no prazo de 2 meses a contar dende a citada publicación, sen prexuízo de calquera outro que estime pertinente.

O feito de figurar na relación de admitidos, non prexulga que se recoñeza ás persoas participantes a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando do contido dos documentos presentados se

desprenda que non posúen algún dos requisitos decaerán de todos os seus dereitos no procedemento selectivo.

**SEGUNDO.-** De conformidade co disposto no artigo 4 do **Regulamento de funcionamento e actuación dos tribunais de selección e uso de medios electrónicos nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público no ámbito do Concello de Vilalba:**

1.- Os Órganos de Selección serán nomeados por Resolución da Alcaldía do Concello de Vilalba, e a súa composición rexeráse polas Bases específicas para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Vilalba, velando en todo caso polo cumprimento do principio de especialidade. Nomearanse os correspondentes substitutos que actuarán en caso de ausencia, enfermidade ou calquera outra causa legal. Na designación daquelas persoas que teñan que formar parte dos Tribunais de Selección, garantirase a idoneidade das mesmas para enxuizar os coñecementos e aptitudes dos aspirantes en relación coas características das prazas convocadas.

2.- O órgano competente deberá nomear como membros dos Tribunais a funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo doutras administracións públicas nunha porcentaxe mínima do 50 % dos membros con dereito a voto de cada Tribunal, que así mesmo deberán reunir os requisitos indicados neste artigo.

3.- Os membros dos Órganos de Selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

4.- Os Órganos de Selección deberán axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e tenderase na súa composición á paridade entre homes e mulleres entre aqueles membros con dereito a voto, en cumprimento do establecido na lexislación vixente.

Vista a proposta de resolución PR/2023/1364 de 7 de setembro de 2023.

A competencia para resolver encóntrase reflectida no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 41 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, entre outros preceptos concordantes.

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Estimar as seguintes reclamacións ou emendas das persoas aspirantes incursas en motivos de exclusión:

NIF	Apelidos e nome	N.º rexistro de entrada (emenda)	Motivo de exclusión provisional
***1637**	LAMELAS GARCIA ISABEL VICTORIA	2023-E-RE-2682	Falta instancia Anexo I. Subsanado
***5131**	LOPEZ RODRIGUEZ SANDRA	2023-E-RE-2687	DNI incompleto (falta reverso). Subsanado
***8543**	SUAREZ EXPOSITO IGNACIO RAMON	2023-E-RE-2628	Instancia ilexible. Subsanado

**SEGUNDO.-** Declarar definitivamente excluídos e decaídos no seu dereito a participar no proceso selectivo ás persoas aspirantes seguintes:

NIF	Apelidos e nome	N.º rexistro de entrada	Motivo de exclusión
***9698**	BALBAS AGUILAR RAQUEL	2023-E-RE-1107	E/ Motivo: Falta instancia Anexo I
***3839**	FANEGO CANDIA LUCÍA	2023-E-RE-1604	E/ Motivo: Instancia non formalizada
***9776**	GOMEZ SANCHEZ JOSE MANUEL	2023-E-RE-1204	E/ Motivo: Instancia non axustada a modelo normalizado (Anexo I)
***0745**	LOPEZ GONZALEZ ISABEL	2023-E-RC-1683	E/ Motivo: Instancia non axustada a modelo normalizado (Anexo I)

***6833**	VARELA GARCIA LAURA MARIA	2023-E-RE-1100	E/ Motivo: Falta instancia Anexo I
***1925**	VARELA RODRIGUEZ EMMA	2023-E-RE-1460	E/ Motivo: Falta instancia Anexo I

**TERCEIRO.-** Aprobar a lista definitiva das persoas aspirantes admitidas no proceso selectivo de referencia, co pormenor en táboa “ut infra”:

NIF	Apelidos e nome	Exento/a proba galego
***1390**	ALBES TESTA JAVIER	Sí
***9891**	ALONSO DOMINGUEZ MIRIAM	Sí
***5644**	ALONSO LÓPEZ LAURA	Sí
***4822**	ANDION PENA NANCY	Sí
***3416**	BARRO PICO MARIA CRISTINA	Sí
***5064**	BELLAS MOURIÑO MARIA SOLEDAD	Sí
***8725**	CANEIRO PEREZ MARIA DEL MAR	Sí
***4542**	CEDRON SANTAEOFEMIA ANA BELEN	Sí
***7514**	CENDÁN GARCIA LAURA	Sí
***8594**	COIRA LOPEZ MARIA JOSE	Sí
***6782**	DIAZ FRAGA ALBERTO	Sí
***8818**	DIAZ GARCIA LUCIA	No
***0108**	DOCAMPO ROBLES DANIEL	Sí
***8642**	DOMÍNGUEZ FERREIRO BEATRIZ	Sí
***0912**	DOVAL PAZOS BRAIS	Sí
***4727**	FERNANDEZ BLANCO PAULA	Sí
***3614**	FERNANDEZ NUÑEZ MIREIA	Sí
***8043**	FERNANDEZ SANTOME CRISTINA	Sí
***7561**	FRAGA GUIZAN MARIA ALEJANDRA	Sí
***5828**	FREIRE RICO SILVIA	Sí
***2934**	GARCIA ABELAIRAS NOEMI BERTA	Sí
***8062**	GARCIA GARCIA BEATRIZ	Sí
***8252**	GARCIA MURUAIS MARCOS	Sí

***0682**	GARCIA RODRIGUEZ CLARA MARIA	Sí
***2889**	GIRALDO MARTINEZ OLIMAR	Sí
***8475**	GOMEZ MARTINEZ MARTINA	Sí
***6894**	GONZALEZ LOPEZ EMERITA	Sí
***9417**	GONZALEZ PAZOS PAULA	Sí
***1542**	GONZALEZ TOUZA MARTA	Sí
***7736**	GUERREIRO PANTALEON ANA	Sí
***7742**	GUIZAN TRASTOY LUCIA	Sí
***1637**	LAMELAS GARCIA ISABEL VICTORIA	Sí
***5131**	LOPEZ RODRIGUEZ SANDRA	Sí
***4258**	LOPEZ SEJIDO NAIKE VERONICA MARIA	Sí
***3076**	LORENZO MARTINEZ BELEN	Sí
***7616**	LOZANO SANCHEZ AITOR	Sí
***5370**	MARTINEZ MARTINEZ PILAR	Sí
***1739**	MARTINEZ PALACIAN FRANCISCO JOSE	Sí
***5038**	MUÑOZ FERNANDEZ DAVID	Sí
***7767**	NÚÑEZ POL JOSÉ MANUEL	Sí
***2065**	OJEA BARRIO VANESA MARIA	Sí
***8235**	ORTEGA FERNANDEZ LEILA	No
***4202**	PARGA HOZ BELEN	Sí
***2097**	PAZ ALVAREZ UXIA	Sí
***1768**	PENERBOSA GARCIA LUCIA	Sí
***9957**	PÉREZ GALÁN SUSANA	No
***2564**	PEREZ GARCIA ANDRES	Sí
***9702**	PEREZ LOBERA RUBEN	Sí
***8253**	PERNAS VAL ANA	Sí
***8464**	PIÑEIRO CRESPO LUCIA	Sí

***1715**	PONTE REIRIZ IRIA	Sí
***4173**	PORTOMEÑE FERNANDEZ ROCIO	Sí
***8114**	QUINTÍA MANTEIGA SERGIO	Sí
***7538**	RAMIL MARTINEZ MARIA SANDRA	Sí
***1493**	RAMOS SIABA MARIA MAGDALENA	Sí
***3652**	RODRIGUEZ CABAÑAS MIGUEL	Sí
***9406**	RODRIGUEZ DIAZ JOSE FELICIANO	Sí
***3779**	SAAVEDRA GONZALEZ JOSE MANUEL	Sí
***8211**	SANTIN CASTRO HUGO	Sí
***4427**	SEIJAS FUNCSTA TERESA	Sí
***2559**	SILVA FERNANDES NATHANNY	Sí
***1730**	SOTO VIVERO JESÚS MANUEL	Sí
***1642**	SUÁREZ ALONSO VERÓNICA	No
***8543**	SUAREZ EXPOSITO IGNACIO RAMON	Sí
***6495**	TEDIN MOUZO ISABEL	Sí
***8032**	TORRE MAHIA LIDIA	Sí
***3832**	VARELA VARELA MARIA VICTORIA	Sí
***7617**	VAZQUEZ MONTES TAMARA	Sí
***8328**	VEIRA FERRIN DANIEL	Sí
***2172**	VELASCO LOPEZ PEDRO	Sí
***4288**	VÉLEZ VÁZQUEZ EVA	Sí
***7562**	VILAR REBOEIRAS VERONICA	Sí
***0463**	VILLARES DIAZ IRENE	Sí

**CUARTO.-** Vistas as propostas de membros realizadas polo Concelleiro delegado en Réxime Interno, aprobar a composición do Tribunal Cualificador que ha de entender na resolución das probas selectivas convocadas quedando configurado da seguinte forma:

Condición	Identidade
Presidenta	Dna. Mónica Bello Novo, FHN, Tesoureira do Concello de Vilalba
Suplente	Dna. Carolina Fernández Lago, FHN, Secretaria-Interventora do Concello de Folgoso do Courel

Vogal	D. Juan Hernando Rosa Ruiz, FHN, Secretario-Interventor na Agrupación de Concellos de Bóveda e O Incio (Lugo)
Suplente	D. Severiano Daniel Vázquez Prado, funcionario de carreira, Técnico de Administración Xeral do Concello de Becerreá
Vogal	Dna. Sandra Díaz Álvarez, FHN, Interventora do Concello de Vilalba
Suplente	Dna. Olga Landeira Burgue, funcionaria de carreira, Administrativa de Administración Xeral do Concello de A Fonsagrada
Vogal	D. David Criado Taboada, FHN, Secretario-Interventor do Concello de Agolada
Suplente	D. José Ramon Rivas Díaz, funcionario de carreira, Administrativo de Administración Xeral do Concello de A Pontenova
Secretario	D. Alejandro Maseda Mallo, FHN, Secretario do Concello de Vilalba
Suplente	Dna. Ana María Méndez Enríquez, persoal laboral fixo, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de A Fonsagrada

O Tribunal anunciará a celebración das sucesivas probas a través da sede electrónica do Concello de Vilalba e a nivel meramente informativo a través da súa páxina web. Así mesmo, poderanse establecer outras formas de publicación complementarias que non excluirán a obrigaón de publicar os correspondentes anuncios na sede electrónica.

**QUINTO.-** Publicar a presente resolución na Sede electrónica da Corporación, no Taboleiro de anuncios do Concello, así como no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Vilalba, 14 de setembro de 2023.- A Alcaldesa, María Elba Veleiro Fernández.

R. 2926

## MINISTERIO DE FACENDA

### BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) - BEGONTE

#### *Anuncio*

BDNS (Identif.): 716753

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/716753>)

#### **Primeiro. Beneficiarios:**

Teñen a condición de beneficiarios os estudantes que cumpran os requisitos que se indican a continuación:

- Estar empadroadado no Concello de Begonte durante a totalidade do curso lectivo.
- Estar matriculado, e asistir a clase regularmente, no curso académico 2023-2024 en algún dos seguintes estudos:

Bacharelato

Ciclos formativos de grao medio e superior.

Estudios universitarios.

Quedan excluídos aqueles alumnos que dispoñan de transporte público gratuito para o desprazamento ao centro educativo.

- Pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita anual non superior a 12.000,00€.

- Non estar incurso en ningunha das causas de prohibición para obter a condición de beneficiario sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Estar ao corrente no pagamento das obrigas tributarias co concello de Begonte, coa Facenda Estatal e coa



Seguridade Social.

No suposto de estudantes menores de idade, terá a condición de beneficiario o pai, nai ou titor do mesmo.

**Segundo. Finalidade:**

Pretende apoiar, durante o curso escolar 2023-2024, aos estudantes que cursen estudos de Bacharelato, Ciclos Formativos de grao medio e superior, ou ensinanzas universitarias, co fin de contribuír, na medida do posible, a paliar o gasto diario ou semanal, que os xoves estudantes teñen como consecuencia do seu traslado a outras localidades para cursar os referidos estudos.

**Terceiro. Bases reguladoras:**

Resolución da Alcaldía, de 13 de setembro de 2023.

**Cuarto. Importe:**

Os importes das axudas de transporte, por alumno e curso determinaranse en función da distancia entre a vivenda e o centro educativo, tal e como se indica na seguinte táboa:

ATA 50 KM; AXUDA DE 200,00 €

MÁIS DE 50 KM: AXUDA DE 400,00 €

No caso en que as solicitudes admitidas excedan o crédito dispoñible, este ratearase entre todas elas.

**Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:**

Trinta días naturais, a contar desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Lugo.

Begonte, 13 de setembro de 2023.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 2927